



NORMATIVA

COPA GALICIA DE BATEIS

18 ou 19 de setembro de 2010 (Sábado ou domingo)

ORGANIZACIÓN

Os Clubes poden solicitar a organización da Regata, terán que solicitalo por escrito antes do día 8 de setembro, adxuntando plano do Campo de Regatas onde se especificará lugar para a reunión de delegados e parque de botes e remolques.

MODALIDADE, CATEGORÍA, PERCORRIDO E XURADO

Promesa Masculino (Infantís e Cadetes): 1.000 m

Promesa Feminino (Infantís e Cadetes): 1.000 m

Comité de Xuices Árbitros de Galicia.

Esta regata é clasificatoria para os Xogos do Cantábrico, que se celebrarán en Navia (Asturias) o día 25 de setembro (SÁBADO).

PESAXE DE PATRÓNS E EMBARCACIÓNS

Os patróns dos bateis nas categorías Cadete Masculino e Promesa Feminino non están obrigados a cumprir ningún peso mínimo. Os mesmos deberán cumprir a condición de ser do mesmo sexo que a categoría na que compiten.

A pesaxe das embarcacións quedará a criterio do xurado da regata.

INSCRIPCIÓNS

Ó obxecto de facilitar ó Clube organizador os Clubes participantes e tripulacións das distintas categorías, os Clubes deberán realizar as inscricións por Fax a esta FEDERACIÓN, antes das 21:00 horas do día 8 de setembro (mércores).

UNHA VEZ COÑECIDA A INSCRIPCIÓN DEFINITIVA, COMUNICARASE O LUGAR DE CELEBRACIÓN DA REGATA.